



O **Departamento de Inglés** establece os seguintes criterios de avaliación e cualificación para a avaliación final ordinaria do curso 2021-2022:

- Mantense os criterios de avaliación para o terceiro trimestre tal como están establecidos na Programación Didáctica e que este departameto remitiu ás familias na *Guía para estudantes e familias* ao comezo do curso.

- Mantense de igual xeito a ponderación de cada unha das avaliacións para o cálculo da nota final: primeira avaliación 30%, segunda avaliación 30%, terceira avaliación 40%.

- Tras o cálculo da nota unha vez avaliado o terceiro trimestre e feita a devandita ponderación, o alumnado poderá sumar a esa nota **ata un 0,5 puntos** coa realización das tarefas na aula durante o periodo que vai do 8 de xuño (data da terceira avaliación) ata o 22 de xuño (data da avaliación ordinaria).

- Ditas tarefas poderán incluír comprensión escrita, expresión escrita e/ou coñecemento da lingua e **serán de obrigada realización para todo o alumnado**.

- Estas tarefas **en ningún caso restarán** na nota xa obtida pola alumna ou alumno e deberán ser **entregadas** para a súa valoración **na forma e prazo** establecidos.

- **O alumnado que**, aínda coa realización das tarefas, **non acade o aprobado** deberá realizar un **exame** que consistirá nunha parte de comprensión oral, outra de comprensión escrita, exercicios de coñecemento da lingua e que podería incluír tamén unha parte de expresión escrita.

A Xefa do Departamento

Asdo, Carmen Forján García